

ANEXO VI

PLAN DE CONTINXENCIA DO CEIP PLURILINGÜE ISIDORA RIESTRA

O Plan de Continxencia do CEIP PLURILINGÜE ISIDORA RIESTRA ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: *"Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos"*, e das *Instrucións publicadas o día 10 de setembro polo Ministerio de Sanidade*. En virtude das mesmas: Levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica, tanto ao que iniciou síntomas como á persoa

que quede ao seu coidado; e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a con síntomas compatibles con COVID-19 abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. Deberá seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección axeitado:

- ✓ máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- ✓ De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

3. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo incluírá á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

4. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

5. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa

comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

6. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

7. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

8. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

9. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario o alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas

oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Uso da aula virtual nos cursos de Educación Infantil e de Primaria agás os 5º e 6º curso de Educación Primaria empregaran Edixgal.

b) A aula virtual estará complementada con videochamadas ou videoconferencias.

c) Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os elaborados por profesorado do centro e aloxados na nosa propia web segundo áreas educativas e niveis educativos, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

d) No desenvolvemento da actividade lectiva realizaranse os seguintes horarios:

CURSO 1º					
Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00 - 10:00	Acción titorial	Acción titorial	Acción titorial	Acción titorial	Acción titorial
10:00 - 10:30	Traballo individual	Traballo individual	Traballo individual	ING.	Traballo individual
10:30 - 11:15	ING.	MUS.	E. F.	ING.	Traballo individual
11:15 - 11:45	R	E	CR	E	O
11:45 - 12:45	Traballo individual	Traballo individual	Traballo individual	Traballo individual	E. F.
12:45 - 13:45	Traballo individual	Traballo individual	REL.	Traballo individual	Traballo individual

Conexión coa titora

Na primeira conexión da mañá iranse introducindo as rutinas e as explicacións do traballo a realizar.

Nas sesión de acción tutorial tamén se promoverán as relacións interpersoais, o coidado da educación emocional así como a resolución de dúbidas.

Teranse en conta diferentes canles de comunicación atendendo á diversidade de circunstancias familias/alumn@s.

Débese considerar certa flexibilidade neste horario. As conexións, por exemplo, poden variar a súa duración.

HORARIO ESPELLO 2ºA de Primaria

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 10	Conexión (explicación da materia)	Conexión (explicación da materia)	INGLÉS	Conexión (explicación da materia))	Conexión (explicación da materia)
10 –10:30	Tarefas de matemáticas	Tarefas de lingua galega	MÚSICA	RELIXIÓN/AL	INGLÉS
10:30-11:15	E.F.	RELIXIÓN/AL	Conexión (explicación da materia)	Tarefas de matemáticas	INGLÉS
11:15-11:40	RECROO	RECROO	RECROO	RECROO	RECROO
11:40-12:55	Tarefas de lingua	Tarefas de matemáticas	Tarefas de lingua galega	E.F.	Tarefas de lingua galega
12:55-13:40	NATURAIS (Tarefas)	Tarefas de lingua	Tarefas de matemáticas	Tarefas de lingua	SOCIAIS (Tarefas)

HORARIO ESPELLO 2º B de Primaria

SESIÓNS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 10	Conexión (explicación da materia e tarefas do día)	Conexión (explicación da materia e tarefas do día)	Conexión (explicación da materia e tarefas do día)	Conexión (explicación da materia e tarefas do día)	MÚSICA
10 –10:30	Tarefas de matemáticas	RELIXIÓN/ VALORES	INGLÉS	Tarefas de lingua	Conexión (explicación da materia e tarefas do día)

10:30-11:15	Tarefas de lingua	Tarefas de matemáticas	Tarefas de galego	RELIXIÓN/ VALORES	Tarefas de matemáticas
11:15-11:40	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11:40-12:55	INGLÉS	E. FÍSICA	SOCIAIS Tarefas	Tarefas de galego	NATURAIS Tarefas
12:55-13:40	INGLÉS	Tarefas de galego	SOCIAIS Tarefas	E. FÍSICA	NATURAIS Tarefas

Horarios Espello

3ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:30	MAT	L.C.	MAT	ING	MAT
9:30-10:00	Rel/Valores	L.C.	MAT	L.C.	L.G.
10 – 10:30	L.G.	E.F.	MÚS	L.C.	SOC
10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11 - 11:30	E.F.	ING	L.G.	SOC	ING
11:30 - 12	NAT	ING(Art)	L.G.	SOC	NAT
12 - 14	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas

3ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:30	MAT	ING	MAT	L.C.	MAT
9:30-10:00	MAT	L.C.	Rel/Valores	L.C.	L.G.
10 – 10:30	L.G.	L.C.	L.G.	MÚS	L.G.

10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11 - 11:30	SOC	NAT	ING	SOC	NAT
11:30 - 12	E.F.	E.F.	ING (Art)	SOC	ING
12 - 14	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas

4ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:30	Galego	Música	Galego	Galego	Galego
9:30 - 10	Matemáticas	CC. Naturais	Matemáticas	Matemáticas	Matemáticas
10 – 10:30	Inglés	Inglés	E. F.	Inglés	E. F.
10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11 - 11:30	CC. Sociais	Informática	CC. Sociais	Valores/ Rel.	CC. Naturais
11:30 - 12	L. Española	L. Española	L. Española	Plástica	L. Española
12 - 14	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas

5º A	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:30	MÚSICA	INGLÉS	LENGUA	INGLÉS	LENGUA
9:30 - 10	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	E.F.	MATEMÁTICAS	E.F.
10 – 10:30	LINGUA	LENGUA	SOCIAIS	LENGUA	MATEMÁTICAS
10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO

11 - 11:30	RELI/ALT	LINGUA	MATEMÁTICAS	LINGUA	SOCIAIS
11:30 - 12	NATURAIS	LINGUA	PLÁSTICA	NATURAIS	INGLÉS
12 - 14	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas

5º B	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:30	LENGUA	LENGUA	E.F.	LENGUA	E.F.
9:30 - 10	MÚSICA	INGLÉS	LINGUA	INGLÉS	MATEMÁTICAS
10 – 10:30	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA	MATEMÁTICAS	LENGUA
10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11 - 11:30	LINGUA	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	NATURAIS	INGLÉS
11:30 - 12	REL/ALT	NATURAIS	SOCIAIS	SOCIAIS	LINGUA
12 - 14	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas	Tarefas

Curso 2021 - 2022				Curso: 6º A	
Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09´00 – 09´30	<i>E.F.</i>	<i>E.F.</i>	SOCIAIS	<i>MÚSICA</i>	<i>INGLÉS</i>
09´30 – 10´00	<i>INGLÉS</i>	<i>L. GALEGA</i>	<i>INGLÉS</i>	<i>L. GALEGA</i>	SOCIAIS
10´00 – 10´30	SOCIAIS	<i>MATEMÁTIC.</i>	L. CASTELÁ	<i>MATEMÁTIC.</i>	<i>NATURAIS</i>
10´30 – 11´00	RECREO				
11´00 – 11´30	<i>NATURAIS</i>	<i>REL/ALTER</i>	<i>MATEMÁTIC.</i>	L. CASTELÁ	<i>MATEMÁTIC.</i>
11,30 – 12,00	<i>MATEMÁTIC.</i>	L. CASTELÁ	<i>L. GALEGA</i>	<i>Reforzo linguas</i>	PLÁSTICA
12,00 – 14,00	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>	<i>TAREFAS</i>

6º B	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:30	INGLÉS	MATEMÁTICAS	INGLÉS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
9:30 - 10	E. FÍSICA	E. FÍSICA	MATEMÁTICAS	MÚSICA	INGLÉS
10 - 10:30	MATEMÁTICAS	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA	CIENCIAS NATURAIS	LENGUA CASTELLANA
10:30 - 11	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
11 - 11:30	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA	LENGUA CASTELLANA	LINGUA GALEGA	C. SOCIAIS
11:30 - 12	CIENCIAS SOCIAIS	VALORES	CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA
12 - 14	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS	TAREFAS

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.